

Encontro galego de educación ambiental

novos escenarios, novas miradas

25 de xaneiro de 2014 | Santiago de Compostela

A Federación Ecoloxista Galega-FEG, o grupo de investigación Pedagogía Social e Educación Ambiental-SEPA da Universidade de Santiago de Compostela e a Sociedade Galega de Educación Ambiental-SGEA convocan o *Encontro galego de educación ambiental: novos escenarios, novas miradas*.

O obxectivo é reflexionar e debater sobre a situación actual da educación ambiental en Galicia, promovendo un espazo de lectura crítica atento ás novas liñas de traballo que se están a emprender. Neste sentido, búscase coñecer novos escenarios dende os que se están a desenvolver diferentes iniciativas baixo denominacións que non sempre aluden á educación ambiental, pero que entroncan cos seus fundamentos.

Propoñémonos como **obxectivos**:

- Facer un lectura crítica da situación da educación ambiental en Galicia, para avanzar dende a mesma na visualización de alternativas de futuro.
- Coñecer e intercambiar experiencias innovadoras que estean a dar resposta a esta nova realidade
- Propoñer e artellar novos escenarios ou formas de traballo conxunto que permitan dar un novo impulso á educación ambiental en Galicia.
- Servir de punto de encontro, na liña de reforzar ou iniciar novos lazos, retomando un contacto e colaboración en certo modo adormecida.

O Encontro abrirase cunha **mesa de debate**,

dirixida a obter un esbozo sobre a situación da educación ambiental en Galicia, na que estarán representados profesionais cunha ampla traxectoria nas diferentes eidos da educación ambiental: colectivos, empresas, sistema educativo e Administración.

As **experiencias**,

estruturarase en torno a catro núcleos temáticos, nos que se pretenden achegar propostas que permitan seguir avanzando nos momentos de desmantelamento da educación ambiental que estamos a vivir:

- Mesa 1. Metodoloxías innovadoras
- Mesa 2. Outra forma de organizarse
- Mesa 3. Novos espazos para a educación ambiental
- Mesa 4. Estratexias de conservación do territorio

As diferentes **actividades**,


que combinan dinámicas de debate e de traballo en pequeno grupo, buscan artellar formas de acción conxunta, nun quefacer colectivo que dea resposta ás complexas realidades educativas e ambientais.

PROGRAMA

10.15 - 10:30	→	Presentación
10.30 - 12:00	→	Mesa de debate
12.00 - 12.30	→	Descanso
12.30 - 14.00	→	Dinámica de Espazo Aberto (I)
14.00 - 16.00	→	Xantar
16.00 - 17.30	→	Café-coloquio
17.30 - 18.00	→	Descanso
18.00-19.00	→	Dinámica de espazo aberto (II)
19.00-20.00	→	Avaliación do encontro e peche

LOCALIZACIÓN

O encontro terá lugar no Centro de Interpretación Ambiental de Compostela, sito na acolledora contorna do Parque de Belvís (R/Camiño da Ameixaga, s/n).



INSCRICIÓN

A participación é gratuita, aínda que require dunha inscrición previa para facilitar a organización do encontro. Envía o formulario (<https://docs.com/YX45>) **antes do 20 de xaneiro** a encontro.ea@gmail.com

Se estás a desenvolver algunha proposta educativa innovadora e pensas que é interesante compartila, animáte a presentala na mesa de experiencias. Envía o formulario (<https://docs.com/YX44>) **antes do 10 de xaneiro** a encontro.ea@gmail.com.

Para consultar información do encontro e seguir a organización do mesmo:

<http://www.facebook.com/EncontroGalegoEA>

